

MANIFESTO DO DÍA DO PEÓN 2011

O lume sagrado

Ramón Loureiro

Ídesme permitir empezar, hoxe, cunha curiosidade. Porque resulta que se me estaba acordando unha cousa que esquecera hai anos: que cando era neno, para facer bailar os peóns, a corda non se envolvía na madeira como se envolve agora. Polo menos, non se facía así na miña escola, que estaba non moi lonxe de aquí, ao pé da igrexa de Santa Mariña de Sillobre, onde hai unha fonte que ten o único San Ramón sen barba que existe no mundo.

Nós faciamos que a corda pasase polo ferrón dúas veces, e non unha. Tensándoa, ademais, arredor do perucho, para que, cando se lanzaba, o peón, grazas ás leis da física e tamén a certas maxias, xa comezase a virar con máis forza, coma se tivese alma.

(Pero en fin, nada, no fondo todo isto non son senón nostalgias. O que verdadeiramente importa é que os peóns, dunha maneira ou doutra, seguen virando. E iso porque, a dicir verdade, non viran por si mesmos, senón porque estades vós para bailalos.)

A min, teño que confesárvolo, gustaríame facer unha demostración agora, e lanzar un peón, pero non son capaz de facelo.

Intenteino hai un par de días, cando estiven practicando, pero nada: caíame co perucho para abaixo.

De feito, e iso tamén volo confeso, nin sequera de neno souben bailalo moi ben. O meu era unha cousa bastante modesta.

Pero agora, incluso aquelas pequenas artes primeiras, de brillo ben escaso, xa só forman, para min, parte do pasado. Que lle imos facer...!

Mais, aínda así, non deixa de ser para min un motivo de inmensa alegría ver que os peóns seguen virando. En primeiro lugar, e deixádeme de novo subliñalo, porque sodes vós os que os bailades. E en última instancia, porque para min, coas súas voltas, estes xoguetes son hoxe unha máquina de tempo. Unha ventá aberta a iso que antes vos mencionaba: o que xa esquecera.

Vexo bailar os peóns e acórdaseme, por exemplo, que houbo un día no que pinteí un, con ceras de cores, ao pé dunha lareira que aínda quedaba na nosa casa e que non se acendía moitas veces (porque a maioría das súas funcións xa as facía por aqueles anos unha daquelas cociñas que chamaban bilbaínas), pero que algunhas tardes de inverno aínda iluminaba os camiños do misterio, coa forza do mellor sentidor de contos que existe: ese que Don Álvaro Cunqueiro chamaba "el animal llamado fuego". O que lle daba sentido á calor do fogar. O lume sagrado.